REUNIÓN DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

Día: 18.04.2018 Hora: 10:30

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 18 de abril de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

28154 (10/CPC-000045)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Da Sra. secretaria xeral de Igualdade, por petición propia, para dar conta do Informe anual 2017 sobre a situación da violencia de xénero en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 280, do 21.03.2018

Punto 2. Preguntas

2.1 23553 (10/POC-003930)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a situación de precariedade do mercado de traballo en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 247, do 25.01.2018

2.2 24197 (10/POC-004025)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a información do Goberno galego respecto das condicións de seguridade e saúde laboral dos traballadores que trasladaron o lindano do Porriño á canteira de Xinzo, en Ponteareas, así como a dispoñibilidade pola empresa contratada da autorización necesaria para ese fin
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 251, do 01.02.2018

2.3 28408 (10/POC-004566)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María e 8 máis
Sobre a situación na que se atopa o proceso de posta en marcha da unidade de atención á transexualidade en menores no Sergas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 287, do 04.04.2018

2.4 28436 (10/POC-004570)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio
Sobre a valoración do Goberno galego referida á situación das trinta familias dos nenos ourensáns con trastornos do espectro autista (TEA,) a consecuencia da posible redución dos servizos que lles están a prestar aos seus fillos, e as medidas previstas para garantirlles a súa accesibilidade e

mantemento, así como os datos referidos ás axudas concedidas pola Xunta de Galicia á Asociación Autismo Ourense dende o ano 2009 e o control levado a cabo ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 287, do 04.04.2018

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2018

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez
Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P

Vicepresidente

Miguel Ángel Tellado Filgueira	P

Secretaria

María Montserrat Prado Cores	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	EM
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	EM

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 18.04.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 18.04.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.1 28154(10/CPC-000045)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da Sra. secretaria xeral de Igualdade, por petición propia, para dar conta do Informe anual 2017 sobre a situación da violencia de xénero en Galicia

Publicación da iniciativa, 280, 21.03.2018

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN XE... DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS
19 MAR. 2018
SAIDA
Núm. 90

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
19 MAR. 2018
Núm. 28154

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego- da secretaria xeral de Igualdade para dar conta do **"Informe anual 2017 sobre a situación da violencia de xénero en Galicia"**, coa finalidade de dar cumprimento ao sinalado na disposición adicional cuarta da *Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.*

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Presidente do Parlamento de Galicia

Asinado por: GARCIA-SEÑORÁNS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 19/03/2018 14:32:20

CVE: Bsd5cKZ2F6
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 18.04.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 18.04.2018 Hora: 10:30
Orde do día

2.1 23553(10/POC-003930)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a situación de precariedade do mercado de traballo en Galicia

Publicación da iniciativa, 247, 25.01.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2018 13:28
Nº Rexistro: 23553
Data envio: 18/01/2018 13:28:10.089

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á situación de precariedade do mercado de traballo en Galiza.

A CIG ven de facer público o Estudo sobre ingresos salariais de 2016, elaborado polo seu Gabinete de Economía da CIG. Informe realizado a partir de datos oficiais tirados do Estudo "Mercado de trabajo y pensiones en las fuentes tributarias" publicado pola Axencia Tributaria, que toma como base a Declaración anual que están na obriga de presentar todas as entidades que pagan salarios, pensións ou prestacións por desemprego, incluídas as administracións públicas.

O resultado do estudo é a constatación do avance da precariedade laboral, o incremento das desigualdades entre persoas asalariadas e a importante perda de poder adquisitivo da poboación.

A precariedade non fixo máis que aumentar, en 2016 o 30% da poboación non acadou o salario mínimo cando en 2009 era menos do 26%.

Acentúase a polarización entre as persoas asalariadas en Galiza que máis ganan e as que menos. No ano 2009 unha persoa asalariada do grupo de maiores ingresos equivalía a 66 dos de menores ingresos. No ano 2016 a equivalencia é de 1 a 91.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2018 13:28
Nº Rexistro: 23553
Data envio: 18/01/2018 13:28:10.089

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O único colectivo que medra é o das persoas que percibiron menos da metade do Salario Mínimo Interprofesional. Constátase que este colectivo viu reducidos os seus ingresos respecto ao ano 2009, apenas superan os 1.800 euros brutos ao ano, 100 euros menos que en 2009.

Pola contra, se ben o colectivo de maiores ingresos -isto é, daqueles que ingresan máis de 10 veces o SMI- reduciuse, o seu salario incrementouse nun 30%, superando os 170.000 euros brutos anuais. Atendendo a estes datos, Galiza é, despois da comunidade de Madrid, onde este colectivo ten os ingresos máis elevados do Estado.

Onde máis ten aumentado o número de persoas traballadoras é nas ramas de actividade de menores ingresos, que son outros servizos e ocio e lecer, que é tamén onde máis se reduciron os ingresos medios.

A conclusión é, polo tanto, que onde aumenta a ocupación é naquelas actividades de menores salarios co cal a precarización se está instalando e xeneralizando no mercado de traballo.

Diante destes datos, que amosan un mercado de traballo de precarizacion, e constatan a consolidación da figura d@ traballador/a pobre e que onde aumenta a ocupación é nas actividades de menores salarios, formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre a situación laboral en Galiza?

-Ten previsto a Xunta de Galiza levar a cabo algunha acción para reverter a situación laboral en Galiza?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2018 13:28
Nº Rexistro: 23553
Data envio: 18/01/2018 13:28:10.089

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que actuacións vai realizar o Goberno galego para rescatar @s miles de galeg@s que están sumid@s na precariedade e na pobreza laboral?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 18/01/2018 13:23:26

Ana Pontón Mondelo na data 18/01/2018 13:23:33

Xose Luis Rivas Cruz na data 18/01/2018 13:23:34

Olalla Rodil Fernández na data 18/01/2018 13:23:36

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2018 13:28
Nº Rexistro: 23553
Data envio: 18/01/2018 13:28:10.089

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 18/01/2018 13:23:37

Xosé Luis Bará Torres na data 18/01/2018 13:23:39

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 18.04.2018 Hora: 10:30
Orde do día

2.2 24197(10/POC-004025)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a información do Goberno galego respecto das condicións de seguridade e saúde laboral dos traballadores que trasladaron o lindano do Porriño á canteira de Xinzo, en Ponteareas, así como a dispoñibilidade pola empresa contratada da autorización necesaria para ese fin

Publicación da iniciativa, 251, 01.02.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2018 17:44
Nº Rexistro: 24197
Data envio: 25/01/2018 17:44:26.245

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

É de sobra coñecido pola xunta de Galicia o problema que existe co Lindano, especialmente no Porriño pero tamén nos concellos da contorna debido a alta volatilidade do mesmo.

Fai anos que as diferentes Administracións levan mirando para outro lado ante un problema medioambiental e de saúde pública tan importante, pola toxicidade do composto químico catalogado como moi perigoso.

Ante as últimas aparicións de Lindano no Concello do Porriño, tivemos noticia da contratación dunha empresa por parte do Goberno local para o traslado do mesmo á canteira de Xinzo, en Ponteareas, con base nas indicacións da Dirección Xeral de Calidade Ambiental da Xunta, ao supoñer un problema de saúde pública.

Por todo o anteriormente exposto En Marea Pregunta:

- Ten coñecemento o Goberno de cales foron as condicións de seguridade e saúde laboral das traballadoras e traballadores da empresa que retirou o Lindano do Porriño a Ponteareas?
- Ten coñecemento o Goberno de se a empresa contratada conta con autorización para manexar a sustancia?

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2018 17:44
Nº Rexistro: 24197
Data envio: 25/01/2018 17:44:26.245

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 25/01/2018 17:31:46

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 18.04.2018 Hora: 10:30
Orde do día

2.3 28408(10/POC-004566)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María e 8 máis

Sobre a situación na que se atopa o proceso de posta en marcha da unidade de atención á transexualidade en menores no Sergas

Publicación da iniciativa, 287, 04.04.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2018 11:23
Nº Rexistro: 28408
Data envio: 23/03/2018 11:23:26.210

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez e **Sandra Vázquez Domínguez,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

O día 8 de abril de 2014 o Parlamento de Galicia aprobou, froito do consenso político dos grupos parlamentares, a Lei 2/2014 pola igualdade de trato e non discriminación de lesbianas gais transexuais bisexuais e intersexuais (LGTBI).

Esta lei converteu a Galicia na primeira autonomía cunha lei que consolida o principio de igualdade de trato e non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero das persoas LGTBI.

No ano 2017, o Consello da Xunta de Galicia aprobou a creación da unidade de atención a transexualidade para menores, avanzando deste xeito no cumprimento da lei 2/2014.Un recurso concibido como unha unidade de apoio e acompañamento, entre profesionais, persoas transexuais, familiares ou coidadores, có fin de unificar e homoxeneizar a atención sanitaria aos nenos e nenas transexuais.

Por todo o exposto os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en comisión:

Cal é a situación no que se atopa o proceso de posta en marcha da unidade de atención a transexualidade en menores no SERGAS?

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 23/03/2018 11:20:47

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 23/03/2018 11:21:01

María Encarnación Amigo Díaz na data 23/03/2018 11:21:09

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2018 11:23
Nº Rexistro: 28408
Data envio: 23/03/2018 11:23:26.210

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

María Ángeles Garcia Míguez na data 23/03/2018 11:21:15

Marta Rodriguez Arias na data 23/03/2018 11:21:23

María Soraya Salorio Porral na data 23/03/2018 11:21:36

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 23/03/2018 11:21:43

Raquel Arias Rodríguez na data 23/03/2018 11:21:52

Sandra Vázquez Dominguez na data 23/03/2018 11:21:59

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 18.04.2018 Hora: 10:30
Orde do día

2.4 28436(10/POC-004570)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración do Goberno galego referida á situación das trinta familias dos nenos ourensáns con trastornos do espectro autista (TEA,) a consecuencia da posible redución dos servizos que lles están a prestar aos seus fillos, e as medidas previstas para garantirlles a súa accesibilidade e mantemento, así como os datos referidos ás axudas concedidas pola Xunta de Galicia á Asociación Autismo Ourense dende o ano 2009 e o control levado a cabo ao respecto

Publicación da iniciativa, 287, 04.04.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 28436
Data envio: 23/03/2018 14:11:30.975

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Os Trastornos do Espectro do Autismo (TAE), hoxe día tamén denominados "Condicións do Espectro Autista (CEA)" son un grupo de alteracións de orixe neurobiolóxico que afectan o desenvolvemento dunha persoa. Cando falamos de autismo por tanto estamos a falar de persoas moi diferentes entre si, nunca dunha categoría única. Esas alteracións están presentes ao longo da vida das persoas diagnosticadas TEA, producindo cambios no seu proceso cognitivo e modificando a súa maneira de estar e relacionarse socialmente.

O grao de incidencia dos TEA aumentou ao longo dos últimos anos. Dun caso cada 10.000 nacementos, como se estimaba nos anos 70 a un caso entre 150 nacementos. Ademais, preséntase catro veces máis en homes que en mulleres.

As persoas con TEA viron reducidos os recursos públicos dedicados á atención das súas necesidades, que hai que engadir aos habituais impedimentos e bloqueos sociais que se atopan no seu día a día para acceder ao emprego, á vivenda, á educación ou á sanidade.

As familias de 30 nenos e nenas ourensás con Trastornos do Espectro Autista (TEA) denunciaron recentemente a suba do 100 % das cotas mensuais que deben pagar para ter acceso aos servizos da asociación de Autismo Ourense. Actualmente esta asociación presta dous servizos nun edificio de propiedade pública: un servizo de atención temperá, para todos os nenos e nenas de entre 0 e 6 anos, que consiste en 8 horas ao mes, e un servizo de orientación aos das idades comprendidas entre os 6 a 21 anos de 7 horas mensuais. Este incremento produciríase dos 150 euros ao mes que, na actualidade, abonan os pais e nais á entidade para que os seus fillos se beneficien dos servizos de Atención Temperá (0 a 6 anos) e de Orientación (6 a 21 anos) , e que ascenderían agora ata

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 28436
Data envio: 23/03/2018 14:11:30.975

os 300 mensuais. As familias atópanse nunha situación límite, ao non poder afrontar esta suba. Desde a Asociación de Autismo Ourense apuntaron que a suba se debe aos importantes recortes das axudas públicas.

A asociación acordou pechar, a finais do presente curso escolar, os servizos de Orientación e posiblemente Atención Temperá, mantendo os de carácter básico para as persoas usuarias gravemente afectados.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Coñece a Xunta de Galicia a situación na que se atopan as trinta familias ourensás destes nenos e nenas con autismo, que poden ver reducido proximamente os servizos que se prestan aos seus fillos e fillas?
2. En caso afirmativo, que valoración fai da mesma o Goberno galego?
3. Que medidas ten previsto poñer en marcha a Xunta de Galicia para garantir o mantemento e accesibilidade de todos os servizos de atención aos nenos e nenas ourensás con TEA?
4. Cando ten previsto poñer en marcha ditas medidas?
5. A canto ascenden as axudas concedidas pola Xunta de Galicia á Asociación Autismo Ourense dende o ano 2009?
6. Cal é o desglose anual das axudas concedidas a Autismo Ourense dende o ano 2009?
7. Realizou a Xunta de Galicia algún control do uso que lle deu Autismo Ourense as axudas que recibiu da Administración autonómica?

Pazo do Parlamento, 23 de marzo de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 28436
Data envio: 23/03/2018 14:11:30.975

Grupo Parlamentario

Noela Blanco Rodríguez na data 23/03/2018 14:08:37

Julio Torrado Quintela na data 23/03/2018 14:08:43

Partido dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es